

# A Lei de Augas de Galicia invade competencias dos concellos



A lei permítelle á empresa Augas de Galicia, empresa que é xuridicamente unha S.A., apropiarse de competencias municipais en materia de augas. Recoñece as competencias que, en materia de augas, teñen as entidades locais de Galiza: abastecemento, saneamento e tratamento de augas residuais (art. 5 e 27). Así, os concellos pasan de ter esas competencias como exclusivas, a compartir coa empresa Augas de Galicia a obriga de garantir o subministro de augas en cantidade e calidade axeitada a todos os núcleos de poboación, amais do saneamento e depuración de augas residuais (art. 24). A Lei de Augas:

- Fai desaparecer a competencia municipal en materia de aprobación de proxectos de obra (art 29.2), a non ser

daquelas obras propias dos concellos, polo que, de aquí en diante, non será preceptiva a aprobación municipal para acometer ningunha obra relacionada co dominio público hidráulico (art 27.2.a).

- Permite delegar o exercicio das competencias propias municipais na empresa Augas de Galicia (art 27.4) ou, o que é mais grave, permite a esta empresa -que a efectos xurídicos é unha sociedade anónima-, subrogarse nas competencias propias dos concellos polos motivos enunciados nesta lei e que desenvolverá o regulamento previsto (art 27.6 e 33).

- Atribúe á empresa Augas de Galicia as funcións de supervisión das redes básicas de abastecemento (art 31.2), obrigando ás entidades locais a aprobar unha

ordenanza municipal en materia de abastecemento e de depuración de augas residuais que se axuste á lei.(art 31 e 32).

- Sitúa por riba dos plans xerais de ordenación municipal o Plan Xeral Galego de Abastecemento e o Plan Xeral Galego de Saneamento (art. 34), que elaborará e redactará a empresa Augas de Galicia e aprobará o Consello da Xunta por decreto (art 38). Ao mesmo tempo, os concellos deberán someter a informe da empresa Augas de Galicia os instrumentos de ordenación territorial e os plans xerais de ordenación urbana (art.39).

- Naqueles núcleos con subministro público ou privatizado, obriga aos concellos ou ás entidades subministradoras ao cobro do

canon da auga (art 63) e do coeficiente de vertedura, facendo aos concellos ou entidades propietarias das instalacións como responsables subsidiarias (art 46). Tamén terán que facilitar os datos de baleirado de fosas sépticas nas depuradoras, ás vivendas ou instalacións non conectadas a un sistema de depuración, para que a empresa Augas de Galicia emita a liquidación correspondente do coeficiente de vertedura (art 68).

- A Lei de Augas de Galicia, amais de supoñer a privatización de todas as augas de Galiza, de poñerlle prezo ao ben auga, e de privatizar unha competencia autonómica; limita a autonomía municipal, obrigando aos concellos a actuar ao servizo da empresa Augas de Galicia.